



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 101/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 18 de febreiro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de febreiro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 21 de xaneiro de 2021, polo que se lle da traslado do informe emitido por INCOLSA (Información e Comunicación Local, S.A.) relativo ás cuestións suscitadas no expediente [REDACTED] en relación á Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia nº RSCTG 63/2021. Á dita reclamación asinóuselle o número de expediente RSCTG 26/2022.

O reclamante indicaba que a Comisión da Transparencia de Galicia con data do 22 de xullo de 2021, estimou a súa reclamación (expediente RSCTG 63/2021), instando ao Concello de Santiago de Compostela a proporcionar a información solicitada de forma completa, e con data do 31 de xaneiro de 2022 o Concello de Santiago de Compostela lle entregou como resposta un informe de INCOLSA no que alega que esa entidade non é parte do "Convenio de Colaboración do Comité de Rutas Aéreas de Galicia", que non concede subvencións e, en relación a información sobre os contratos e convenios asinados, invoca a aplicación dos límites de acceso recollidos no artigo 14.1. h) e k) da Lei 19/2013.

Indica que a maioría da información que solicitou, estaría formada por datos expresamente mencionados non artigo 8.1.a), b) e c) da Lei 19/2013, que obrigaría a entidade a facer pública esa información, incluso sen necesidade de solicitude.

Arguméntase tamén por INCOLSA que non ten coñecemento de ningún "Convenio de Colaboración do Comité de Rutas Aéreas de Galicia" e que INCOLSA non concede subvencións. Independentemente da veracidade desas afirmacións, que o reclamante non discute, a solicitude non estaba dirixida a INCOLSA, senón ao Concello de Santiago de Compostela, sendo este quen debería proporcionar a información, sen prexuízo da súa obriga de remitir a solicitude a quen a teña a información no seu poder.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 2 de marzo de 2022, asinouse dilixencia de arquivo no expediente RSCTG 26/2022, por considerar que o escrito presentado o día 18 de febreiro de 2022, que deu lugar ao expediente RSCTG 26/2022 coincidía na petición e no solicitante co escrito dirixido a esta Comisión o 10 de febreiro de 2022, procedéndose á tramitación do expediente RSCTG 22/2022 e pasando a documentación a integrarse no dito expediente.

Terceiro.- Con data do 25 de maio de 2022, o interesado presenta escrito no que solicita información sobre o estado de tramitación da súa reclamación. Constatado nese momento que o escrito presentado o 18 de febreiro non coincidía co presentado o 10 de febreiro de 2022, e que por tanto a dilixencia de arquivo asinouse en base a un erro material, procedeuse, de conformidade co disposto no artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á iniciación dun novo expediente de reclamación baixo o número RSCTG 101/2022, dándosele traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Santiago de Compostela, con data do 31 de maio de 2022, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 1 de xuño de 2022, sen que polo Concello se remitise o informe e a copia do expediente solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo

e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu

preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a resolución notificóuselle o 31 de xaneiro e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 1 de febreiro de 2022, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou acceso a determinada información ao Concello de Santiago de Compostela referente a achegas económicas do dito Concello no Convenio coa entidade pública empresarial AENA e no Convenio co Comité de Desenvolvemento de Rutas Aéreas de Galicia, e a relación dos contratos adxudicados, convenios asinados e subvencións concedidas por unha empresa pública, e ante a falla de contestación polo Concello, tramitouse o expediente RSCTG 63/2021, no que a Comisión ante a falla de remisión da copia do expediente e o informe solicitado ao Concello, e por considerar que a información solicitada era información pública,

estimou a reclamación con data do 20 de xullo de 2021, instando ao Concello a proporcionar ao interesado a información solicitada.

Tras a resolución da Comisión da Transparencia, o Concello remitiu ao interesado un informe da empresa pública no que se lle indica que o convenio formalizado por INCOLSA coa Axencia Turismo de Galicia e AENA, non prevé a realización de ningunha achega económica por parte desta, e a dita empresa pública non é parte do Convenio de Colaboración do Comité de Rutas Aéreas de Galicia, nin concede subvencións de ningún tipo a entidades do sector privado ou público.

Respecto dos contratos adxudicados a empresas vinculadas ao transporte aéreo, indica que a solicitude presentada ten por obxecto acceder a información directamente relacionada coa actividade comercial dirixida á promoción turística da cidade, actividade que se desenvolve nun sector do mercado multinacional altamente competitivo e cunha elevada volatilidade na concertación das operacións de difusión turística en medios especializados, polo que a negociación e tramitación está suxeita a condicións de confidencialidade que impiden difundir o seu contido, e o seu incumprimento podería dar lugar a un incumprimento contractual de imprevisibles consecuencias para a entidade e o interese público. Respecto da definición das partidas e custos económicos das actividades de promoción turística vencelladas aos mercados emisores europeos, figuran nos Orzamentos anuais da sociedade, publicados no Portal de Transparencia do Concello de Santiago de Compostela, o cal é accesible para toda a cidadanía.

Non se lle deu por tanto a información solicitada polo reclamante sobre as achegas económicas realizadas polo Concello no Convenio coa entidade pública empresarial AENA e no Convenio co Comité de Desenvolvemento de Rutas Aéreas de Galicia, que debeu dárselle.

Respecto dos convenios asinados e subvencións concedidas por INCOLSA, debe aceptarse a afirmación contida no informe de que a dita empresa pública non é parte do Convenio de Colaboración do Comité de Rutas Aéreas de Galicia, nin concede subvencións de ningún tipo.

Respecto dos contratos asinados con indicación do obxecto, duración, importe do contrato/subvención ou obrigas económicas contraídas, data de formalización e identificación das partes, adxudicatarios e beneficiarios, non poden aceptarse a concorrencia do límite dos intereses económicos e comerciais (artigo 14.1.h) e o da garantía da confidencialidade ou o segredo requirido en procesos de toma de decisións (artigo 14.1.h).

O artigo 14.1 h) da Lei 19/2013 dispón que o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais.

O artigo 14.1 k) da Lei 19/2013 sinala que o dereito de acceso poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para a garantía de confidencialidade ou o segredo requirido en procesos de toma de decisión.

Por tanto, ambas as causas actúan como límites ao exercicio do dereito de acceso á información. Respecto da aplicación destes límites, o Consello de Transparencia elaborou o Criterio Interpretativo CI/002/2015, do 24 de xuño, no que se destaca que se ven observando unha interpretación extensiva dos conceptos contidos en determinados límites respecto dos cales resulta conveniente identificar e precisar os criterios e condicións que xustifican a súa aplicación.

Os límites a que se refire o artigo 14 da Lei 19/2013, a diferenza dos relativos á protección dos datos de carácter persoal, non se aplican directamente senón que, de acordo coa literalidade do texto do número 1 do mesmo, poderán ser aplicados.

Desta maneira, os límites non operan nin automaticamente a favor da denegación nin absolutamente en relación aos contidos. A invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo.

Neste sentido a súa aplicación non será en ningún caso automática: antes ao contrario, deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e avaliábel. Esta, ademais non poderá afectar ou ser relevante para un determinado ámbito material, porque do contrario estaríase a excluír un bloque completo de información. No presente caso, non é admisible que todos os contratos realizados por unha empresa pública no seu ámbito de actividade, teñan carácter de segredo.

Do mesmo modo, é necesaria unha aplicación xustificada e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).

Non se debe esquecer que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser un dos eixes fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Tendo en conta o anterior, no presente suposto, INCOLSA non xustifica, mais que dunha forma xenérica, que os datos solicitados referentes a contratos financiados con fondos públicos, por

estar nun sector altamente competitivo, está suxeita a condicións de confidencialidade que impiden difundir o seu contido.

A Lei 19/2013 no seu artigo 8, establece que deben publicarse como mínimo, a información relativa aos contratos, con indicación do seu obxecto, duración, importe de licitación e de adxudicación, procedemento de celebración, publicidade, identidade do adxudicatario e as modificacións do contrato, sen que se poidan excluír desa publicidade, e por tanto do coñecemento de quen o solicita, neste caso o reclamante, a actividade contractual realizada por unha empresa pública como no presente caso, baixo o argumento dunha confidencialidade formulada con carácter xenérico.

Os segredos comerciais, esenciais á hora de poder confirmar que se produce un prexuízo no sentido sinalado no art. 14.1 h) da Lei 19/2013, foron regulados na Lei 1/2019, de 20 de febreiro, de Segredos Empresariais.

A Comunicación da Comisión relativa ás normas de acceso ao expediente da Comisión nos supostos de aplicación dos artigos 81 e 82 da Tratado CE, os artigos 53, 54 e 57 do Acordo EEE, e o Regulamento (CE) nº 139/2004 do Consello (2005/C 325/07) en referencia os segredos comerciais, establece que cando a divulgación de información sobre a actividade económica dunha empresa poida causarlle un prexuízo grave, dita información terá carácter de segredo comercial. Como exemplos de información que pode considerarse secreto comercial cabe citar a información técnica e/ou financeira relativa aos coñecementos técnicos dunha empresa, os métodos de avaliación de custos, os segredos e procesos de produción, as fontes de subministración, as cantidades producidas e vendidas, as cotas de mercado, os ficheiros de clientes e distribuidores, a estratexia comercial, a estrutura de custos e prezos e a estratexia de vendas, sen que se poida considerar segredo comercial a información referente ao obxecto, importe, obrigas e demais información solicitada en referencia a contratos realizados por unha empresa pública.

No presente caso está a solicitarse información dos contratos celebrados por unha empresa pública referidos ao seu campo de actividade, polo que se ben se podería xustificar que algún ou algúns dos aspectos dos contratos, estean sometidos ao referido límite, sempre que se xustifique adecuadamente, non é admisible que a totalidade dos aspectos contractuais o estean.

Respecto do límite do artigo 14.1.k) Garantía de confidencialidade ou o secreto requirido en procesos de toma de decisións, non se aprecia nin se xustifica na información remitida ao interesado, que conorra o mesmo.

O seu obxectivo é o de protexer as deliberacións internas previas á toma de decisións para garantir que as decisións se tomen sen presións externas indebidas. Como calquera outro

límite para a súa aplicación , debe acreditarse que se pode producir un prexuízo de divulgar a información e que pode prexudicar a toma de decisión, mediante a súa ponderación co interese público da divulgación do documento o que determinaría a decisión de facelo público ou non, polo que para poder ser invocado o risco de menoscabar o interese debe ser razoablemente previsible e non puramente hipotético. No presente caso, unicamente se invoca a existencia do límite referido aos procesos de toma de decisión, non á decisión como tal, sen acreditar en que sentido, ou en que medida se podería producir un prexuízo.

En conclusión, aceptar os argumentos de INCOLSA, de carácter xenérico, suporía excluír sen xustificación algunha toda a actividade contractual dunha empresa pública do ámbito da Transparencia, o que sería contrario á normativa que rexe nesta materia.

Debe lembrarse ao Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 18 de febreiro de 2022, contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 21 de xaneiro de 2021, polo que se lle da traslado do o informe emitido pola sociedade Información y Comunicación Social, S.A. relativo ás cuestións suscitadas no expediente [REDACTED] en relación á Resolución da Comisión de Transparencia de Galicia nº RSCTG 63/2021.

Segundo: Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2022.07.22 15:10:21 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.